MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES O CONCELLO DA ESTRADA PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS DE MELLORA DO VIARIO MUNICIPAL NA PARROQUIA DE COUSO

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello da Estrada executar as obras incluídas no Proxecto: "Plan de infraestruturas rurais 2025: Parroquia de Couso"

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscrición de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a pavimentación das vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.

O Concello da Estrada manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto denominado "Plan de infraestruturas rurais 2025: Parroquia de Couso" O dito proxecto consiste na execución de obras de mellora do viario municipal rural na parroquia de Couso, pertencente ao termo municipal da Estrada, mediante actuacións sobre os camiños denominados Fontenlo e Couso As obras previstas consisten na limpeza de cunetas, o varrido da superficie existente e a extensión dunha capa de pavimento de aglomerado asfáltico, co fin de restablecer unhas adecuadas condicións de seguridade, funcionalidade e durabilidade do firme.

Na actuación proxectada concorre con razóns de interese público, social e económico, ao mellorar unha infraestrutura básica de titularidade municipal que presta servizo á cidadanía, favorece a cohesión territorial, impulsa a actividade económica do medio rural e garante unhas adecuadas condicións de seguridade e accesibilidade. Trátase dunha actuación que xera un beneficio colectivo e contribúe á adecuada prestación dos servizos públicos municipais:

Secretaría Xeral Técnica
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Complexo Administrativo San Caetano, edif. 5, 3ª planta
15781 Santiago de Compostela

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JR4fhojGP6P1 https://sede.xunta.gal/cve

Xustificación do interese público

A actuación proxectada responde a un claro interese público, ao estar destinada á conservación e mellora de infraestruturas viarias de titularidade municipal que prestan servizo á poboación e garanten a adecuada mobilidade no medio rural.

O municipio da Estrada conta cunha ampla rede de camiños municipais que constitúe un elemento esencial para a vertebración territorial e para garantir a conexión entre os distintos núcleos de poboación dispersos. Os camiños obxecto de actuación permiten o acceso a vivendas, explotacións agrogandeiras e forestais, parcelas agrícolas e outras propiedades, sendo utilizados diariamente tanto polos veciños como polos servizos municipais e de emerxencia.

A deterioración progresiva do firme e a perda de capacidade de drenaxe das cunetas fan necesaria unha intervención que permita recuperar as condicións de seguridade e comodidade da circulación, evitando unha deterioración maior da infraestrutura e reducindo as necesidades futuras de conservación.

Xustificación do interese social

A mellora destes camiños supoñerá un beneficio directo para os residentes da parroquia de Couso, facilitando uns desprazamentos máis seguros e accesibles

Así mesmo, permitirá garantir o acceso en condicións adecuadas aos servizos esenciais, talles como a asistencia sanitaria, o transporte escolar, a recollida de residuos, os servizos municipais e os vehículos de emerxencia, reforzando a calidade dos servizos públicos prestados no ámbito rural.

A actuación contribúe igualmente a mellorar as condicións de vida da poboación, favorecendo o mantemento da actividade e a permanencia dos habitantes no territorio, aspecto especialmente relevante nun municipio cunha importante dispersión poboacional como A Estrada.

Xustificación do interese económico

O proxecto presenta un evidente interese económico, xa que a rede viaria rural constitúe unha infraestrutura básica para o desenvolvemento das actividades agrícolas, gandeiras e forestais que caracterizan boa parte do territorio municipal.

A mellora do pavimento facilitará o tránsito de maquinaria agrícola e vehículos de transporte, reducirá os custos de mantemento dos usuarios e mellorará a accesibilidade ás explotacións e leiras, contribuíndo ao mantemento da actividade económica do medio rural.
Así mesmo, a conservación preventiva destas infraestruturas municipais permite optimizar o gasto público, evitando actuacións de maior entidade derivadas da deterioración progresiva do firme.

Xustificación da elección do proxecto

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JR4fhojPP6P1 https://sede.xunta.gal/cve

A actuación foi seleccionada por responder a unha necesidade obxectiva detectada polos servizos municipais, derivada do estado de conservación que presentan os camiños de Fontenlo e Couso.

As obras previstas resultan técnica e economicamente proporcionadas ás necesidades existentes, constituíndo a solución máis eficiente para recuperar a funcionalidade destas vías e prolongar a súa vida útil.

A intervención permitirá mellorar a seguridade viaria, garantir a correcta drenaxe das augas superficiais e manter unhas adecuadas condicións de circulación para todos os usuarios, redundando nun beneficio directo para a poboación da parroquia e para o conxunto do municipio.

A realización da obra require un investimento substancial que o Concello da Estrada non pode afrontar con recursos propios neste momento. O montante económico do proxecto, excede dos recursos locais dispoñibles actualmente, razón pola cal resulta necesario solicitar unha subvención á Xunta de Galicia pola totalidade do orzamento da obra.

III. Finalidade

O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o Concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello da Estrada o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello da Estrada para executar as obras incluídas no Proxecto: "Plan de infraestruturas rurais 2025: Parroquia de Couso" cun orzamento total de 48.384,52 (IVE incluído).

V. Fundamentos do convenio

O Concello da Estrada manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o Proxecto: Plan de infraestruturas rurais 2025: Parroquia de Couso" segundo a memoria detallada e valorada, cuxo orzamento se xunta como anexo I a este convenio e do cal forma parte. O orzamento total ascende á cantidade de 48.384,52 (IVE incluído).

As actuacións consisten execución de obras de mellora do viario municipal rural na parroquia de Couso, pertencente ao termo municipal da Estrada

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JR4fhoj9P6P1 https://sede.xunta.gal/cve

A solicitude fundaméntase nas razóns de interese público, social e económico, que concorren no proxecto, ao mellorar unha infraestrutura básica de titularidade municipal que presta servizo á cidadanía, favorece a cohesión territorial, impulsa a actividade económica do medio rural e garante unhas adecuadas condicións de seguridade e accesibilidade. Trátase dunha actuación que xera un beneficio colectivo e contribúe á adecuada prestación dos servizos públicos municipais.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello da Estrada.

A necesidade da colaboración solicitada á Consellería acentúase pola confluencia doutros factores. Por unha banda, na actualidade non hai ningunha convocatoria en concorrencia á cal poida acollerse este proxecto nin se prevé nas próximas datas.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración mais próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese Concello para a mellora das infraestruturas municipais.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrencia pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuación da subvención:

As actuacións consisten na execución de obras de mellora do viario municipal rural na parroquia de Couso, pertencente ao termo municipal da Estrada, mediante actuacións sobre os camiños denominados Fontenlo e Couso: limpeza de cunetas, o varrido da superficie existente e a extensión dunha capa de pavimento de aglomerado asfáltico, co fin de restablecer unhas adecuadas condicións de seguridade, funcionalidade e durabilidade do firme.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JR4fhojGP6P1 https://sede.xunta.gal/cve

VII. Importe e aplicación orzamentaria

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima de **corenta e oito mil trescentos oitenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (48.384,52€)** con cargo á aplicación orzamentaria **05.01.121A.760.0 (Código de proxecto 2015 00088)** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026. Este importe representa o **100 %** do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación

da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico
Francisco Javier Abad Pardo

Asinado por: ABAD PARDO, FRANCISCO JAVIER
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 29/09/2026 13:56:09

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JR4fhoj9P6P1 https://sede.xunta.gal/cve